

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 4 DE MAIO DE 2023

Ás 10.00 horas do día 4 de maio de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial), nin o deputado de Democracia Ourenzana don Gonzalo Pérez Jácome.

O tratamento do único asunto incluído na orde do día desenvolveuse do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

ÚNICO.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIR RESPONSABILIDADES A JOSÉ MANUEL BALTAR, TRAS SER DENUNCIADO POLA GARDA CIVIL POR UN SUPOSTO DELITO CONTRA A SEGURIDADE VIARIA COMETIDO CUN COCHE OFICIAL DA DEPUTACIÓN.-

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que esta petición de pleno extraordinario se produce porque o grupo socialista non quedou para nada conforme cosas respostas da Presidencia a preguntas formuladas polo seu grupo na parte de control na sesión ordinaria. A continuación indica que a súa intervención diríxese aos deputados e deputadas do grupo do PP, xa que o resto de grupos o temos claro, e sabemos que o presidente non vai asumir a súa responsabilidade. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación de Ourense, vén de ser denunciado pola Garda Civil tras cometer un presunto delito contra a seguridade viaria, ao circular o domingo 23 de abril cun dos coches oficiais da institución provincial que el mesmo conducía, a 215 km/h pola autovía A-52 na provincia de Zamora, á altura do municipio de Asturianos. Segundo os feitos detallados polo axentes, Baltar foi multado inicialmente con 600 euros e coa retirada de puntos do carné de conducir, pero esa sanción administrativa vén de quedar en suspenso, tras comprobar os técnicos da Garda Civil que, ao aplicar as marxes de erro do radar sobre a velocidade medida, o dato seguía superando a cifra estipulada para ser delito. Actualmente, un xulgado da provincia de Zamora está a instruír un expediente de investigación ante a comisión dun presunto delito contra a seguridade viaria polo presidente da Deputación. Este ilícito está castigado no artigo 379 do Código penal, cunha pena de prisión de tres a seis meses ou coa de multa de seis a

doce meses ou coa de traballos en beneficio da comunidade. Tamén, en calquera caso, coa de privación do dereito para conducir vehículos de motor e ciclomotores. De feito, o subsector de Tráfico de Ourense xa lle notificou ao infractor a denuncia ante a comisión dun presunto delito, así como a apertura de dilixencias de investigación.

Ademais, tras coñecer que ese mesmo vehículo oficial de titularidade da Deputación acumula ata dez sancións durante este mandato e que en tres delas o presidente foi identificado como o infractor ao volante, quedou evidenciada unha mentira máis de José Manuel Baltar, xa que non se trata dun “feito illado” por un “despiste” como el afirmou, e si é dunha conduta temeraria e ilegal reiterada, executada con fondos e medios públicos.

O PSdeG-PSOE considera indecente e inaceptable nunha democracia que o presidente desta institución cometese este suposto e grave delito, así como outras infraccións da normativa sobre seguridade viaria, conducindo un coche oficial noutras provincias, poñendo en grave risco a vida doutras persoas, para facer actividades que aínda non explicou, xa que, no caso concreto da denuncia polos feitos acontecidos o domingo 23 de abril de 2023, na súa axenda oficial non aparecía reunión ou acto ningún en Madrid ou fóra de Ourense. Tampouco aportou fotografías, documentos ou recibos que xustifiquen a estancia en Madrid ou acto oficial ningún. Tamén vimos de coñecer que o Volkswagen Passat da Deputación que conducía o presidente, tamén foi detectado superando os límites máximos de velocidade outro domingo. Concretamente o 19 de setembro de 2021 no quilómetro 528 da estrada N-120 na contorna da localidade lucense de Monforte, sentido Ourense. Naquela ocasión, o coche oficial non foi detido polos axentes da Garda Civil, polo que a Dirección Xeral de Tráfico requiriu ao organismo provincial para que facilitase "a identificación veraz" do infractor. A sanción inicial era de 500 euros e retirada de seis puntos de carné, pero a multa ascendeu finalmente a 1.500 euros, tras instar sen éxito en dúas ocasións ao Goberno provincial a que identificase ao condutor infractor. Por iso os e as socialistas consideramos imprescindible celebrar un pleno extraordinario para que José Manuel Baltar dea explicacións no máximo órgano colexiado da Deputación de Ourense, lugar de control da actividade do goberno. Así mesmo defendemos que o actual presidente non pode continuar á fronte da Deputación, xa que, por decencia democrática, unha persoa que conduce reiteradamente dunha forma temeraria e supostamente delituosa, un vehículo da institución que preside, non reúne a honorabilidade e exemplaridade que require o cargo, así como por respecto á institución e á provincia que representa. O Grupo Socialista recorda que o código ético da Deputación, redactado do “puño e letra” do propio

Baltar, segundo afirmou el mesmo, determina que os cargos públicos da institución “non deben conducir a súa conduta de tal modo que poida prexudicar a imaxe da organización que representa ante a cidadanía ou afectar á reputación institucional” e que “deben eludir calquera acción ou omisión que poida prexudicar nin sequera sexa minimamente a imaxe institucional e minar a confianza da cidadanía”. A petición desta sesión extraordinaria está sobradamente xustificada, xa que algúns dos feitos sucederon ou foron dados a coñecer polos medios despois da convocatoria das comisións ou do último pleno ordinario. Así mesmo, a corporación actual será disolta nas próximas semanas polo que, de non se celebrar un pleno extraordinario, nunca poderían ser ofrecidas as explicacións reais por un graves feitos cometidos, supostamente, no exercicio do cargo de presidente cun vehículo oficial da Deputación de Ourense.

Tendo en conta o detallado e entendendo que se cumpren os requisitos legais, os membros da corporación asinantes solicitamos a convocatoria dun pleno extraordinario mediante a inclusión na orde do día desta proposta de acordo: 1. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente da institución, José Manuel Baltar Blanco, a explicar ante este órgano, con todo detalle, os feitos sucedidos o domingo 23 de abril cun dos coches oficiais, ao ser detectado conducindo a 215 km/h pola autovía A-52 na provincia de Zamora, detallando e xustificando documentalmente o motivo da viaxe; a razón pola conducía el mesmo e non un chofer oficial; o porque da superación do límite máximo velocidade en 95 km/h; os ocupantes do vehículo no momento dos feitos e as reunións ou encontros que mantivo con motivo desa viaxe. 2. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente, José Manuel Baltar Blanco, a explicar quen conducía ese mesmo vehículo oficial cando foi sancionado o 19 de setembro de 2021 na provincia de Lugo; cal era o motivo daquela viaxe, tamén en domingo, e por que o goberno provincial non identificou debidamente ao condutor ou condutora aquel día, provocando unha sanción de 1.500 euros a nome da Deputación. 3. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente, José Manuel Baltar Blanco, a explicar por que foi identificado pola Garda Civil ata en tres ocasións cometendo infraccións ou presuntos delitos relacionados coa seguridade viaria, provocando un carrusel de sancións e multas, algunhas a nome da institución. 4. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao presidente, José Manuel Baltar Blanco, a cesar na comisión de actividades presuntamente delituosas cun coche oficial da institución, sen dar conta pública disto nin antes nin despois dos feitos. 5. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta a José Manuel Baltar Blanco

a deixar o cargo de presidente da institución, pola suposta pero evidente comisión dun delito contra a seguridade viaria, segundo denuncia da Garda Civil, xa que puxo en grave risco a vida doutras persoas nas estradas ao circular a 215 km/h, e a comisión destes feitos non permiten reunir as condicións de honorabilidade e exemplaridade que requiren un cargo tan honorable, así como pola comisión doutras infraccións de tráfico no mesmo vehículo de titularidade pública.

Engade que despois deste relato, os deputados e deputadas do grupo PP deben analizar se pasase isto con outro cargo público que non fose Manuel Baltar, que pasaría, e que todos sabemos que se enfrontaría a unha petición de dimisión e a unha reprobación. Indica que é moi preocupante que non se poida recoñecer quen levaba o coche na multa do ano 2021 en Monforte, e que o presidente non o recoñeza e “poña aos pes dos cabalos” aos funcionarios responsables do parque móbil da Presidencia. Pregúntalle ao presidente se pensa que os que estamos enfronte somos pouco intelixentes, e pide que non se borren as gravacións das cámaras de seguridade do parque de vehículos para ver quen colle os coches desta institución. Pregunta se lle parece normal que nunha administración pública non se recoñeza quen é o condutor cando se comete unha infracción de tráfico cun vehículo de titularidade provincial, e que podemos estar ante un delito de malversación. Por último tamén lle pregunta ao presidente se lle parece normal que teña que ser Plácido Álvarez o que defenda esta actitude no pleno, e que debera ser o propio presidente, como responsable, o que participe neste debate.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): indica que neste tema se remite ás palabras e explicacións que deu na sesión ordinaria do pasado día 28 de abril de 2023.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): en primeiro lugar aclarar que, desde o meu punto de vista, este pleno podería ter lugar o mércores da próxima semana, que seguramente xa saberíamos algo máis. Ao mellor os compañeiros do Partido Socialista, neste caso, foron algo rápidos e o Partido Popular aproveitou a conxuntura. Continúa dicindo que logo de 32 anos de *baltarismo*, cunha primeira etapa de don José Luís Baltar que se mantivo na cadeira de brazos 21 anos, mentres a provincia baixaba dos 355.000 aos 320.000 habitantes, 25.000 menos, en 2012 prodúcese a herdanza desta institución (certamente contra a vontade do emigrado Sr. Feijóo) e nestes últimos 11 anos a poboación provincial reduciuse dos 320.000 aos 304.000 do ano pasado (16.000 habitantes menos). Total 42.000 habitantes menos nestes 32 anos de presidencia por parte da familia Baltar, sendo este o dato máis

salientable de todo o mandato. Certamente tamén nisto temos acelerado sendo maior a porcentaxe de redución nestes últimos anos, ao tempo que nos poñemos á cabeza do Estado en termos de envellecemento. Se esta sangría non para, en menos de 5 anos o número de nacementos na provincia de Ourense, onde o PP, coa familiar Baltar á fronte, disque goberna, non chegará aos 1.000. O ano 2022 rematou coa cifra histórica máis baixa, 1.323. Todo isto mentres a Deputación leva xestionado (por non dicir dilapidado) máis de 2.000 millóns de euros. O problema é que os 215 km/horas por Castela adiante nunha viaxe oficial, que non é que sexa dubidoso, é que aínda non conseguín atopar a ninguén nestes días que o crera, efectivamente é un escándalo. Cada dato que sae desminte o seu argumentario, porque ir a 215 km/hora non é un despiste, máis ben é un delito, e se esta actitude se repite, polo menos 3 veces desde 2019, non podemos falar de caso illado. Isto sen contar con outras que seica conducían os choferes e a que converteu ao volkswagen de Presidencia no coche fantástico, ao non ser posible saber quen conducía o vehículo nun domingo pola tarde. ¿Que clase de control de usos dos vehículos do parque móbil de presidencia nos queren facer crer que hai? ¿Non pasan dietas os condutores? ¿Non fan partes de quilómetros e das viaxes? ¿Queren tomar por parva a toda a cidadanía de Ourense, incluso aos seus votantes? A única explicación obvia é que a 157 km/hora, o 19 de setembro, domingo na N 120 ao seu paso por Lugo, dubido que fose un chofer de Presidencia ao volante do vehículo, o máis probable é que fose o Sr. Baltar, quen habitualmente conducía este como se fose o seu vehículo particular. Por certo, agora que nin teñen xefe do parque móbil de Presidencia isto xa sebe ser en San Deus, ou, ao mellor, ¡para o que valía! O tema é que os cada vez menos habitantes desta provincia anestesiada, pagamos 1.500 euros, e quen sabe cantos máis, a escote para cubrir a incompetencia, senón o delito, de quen guiaba ese vehículo. O problema é que este despropósito de uso, entendo que indebido, dun vehículo da Deputación, o exceso de velocidade en 95 quilómetros por riba do permitido, non deixa de ser un síntoma, un xeito de conducir esta institución, unha conducción kamikaze reprobada polo Consello de Contas ¿ou será unha conducción despistada sen referencias? Que nos leva dereitiños á extinción económica e social de Ourense. Como Nerón, contratamos músicos para que canten e fanse vídeos emulando a John Lennon mentres alimentan o lume da discrecionalidade e o amiguismo. O Sr. presidente semella atender esta Deputación Provincial de Ourense como o seu paso particular, onde pode facer e desfacer ao seu antollo, sen asumir responsabilidades cando, como neste caso, o pillan fóra de lugar e a unha velocidade que poñía en grave perigo

a vida do resto dos usuarios da estrada. Entende que non van rectificar, señores e señoras do Partido Popular, a pesar de que as explicacións dadas seca só convencen ao Sr. Rueda, e para iso daquela maneira. Por iso agarda que logo deste novo escarnio a cidadanía de Ourense, que ten a oportunidade de validar estas condutas o día 28, ou reprobalas, identifique claramente que votar a calquera candidato do Partido Popular en calquera concello da provincia de Ourense, significa nin máis nin menos que apoiar este xeito de conducir esta Deputación. Como ben se ten encargado de lembrarnos o Sr. presidente, no PP o candidato á Presidencia da Deputación e el, co seu Plan “Ourense 21-27” desta volta, unha mágoa que no de 2019 “Ourense 72-73” non levase como medida estrela cumprir as regras de tráfico e o uso dos vehículos públicos exclusivamente para as actividades de representación institucional. Por isto o BNG presentaba ao pleno de hoxe unha proposta, que por certo están a tempo de facer súa se teñen un mínimo interese de clarificar esta situación, que dana aínda máis a escasa credibilidade desta Deputación, curiosamente, din, campiona en transparencia. Fagan vostedes honra a ese curioso título e constitúan a comisión informativa especial que o BNG propuña.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): anuncia o voto a favor da moción presentada polo grupo socialista.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): as preguntas recollidas nos acordos que traslada hoxe o Partido Socialista a este pleno xa foron cumpridamente respondidas polo presidente hai 6 días ante esta mesma Corporación, como acreditan as gravacións dese día e o recolleron os medios de comunicación (algúns literalmente). O propio presidente tamén nos comunicou persoalmente as súas desculpas públicas polo erro cometido o pasado 23 de abril, esgotando a sanción administrativa imposta e ofrecendo a súa completa colaboración. Esta moción xa foi debatida suficientemente no pleno ordinario do pasado 28 de abril. Como todos lembramos, e calquera pode comprobar na propia hemeroteca dixital da Deputación, o Grupo Socialista presentou unha moción de urxencia e o Sr. Gómez Pérez realizou ese día unha exposición de motivos de 15 minutos e 47 segundos, sobre un argumentario idéntico ao que sustenta a petición deste pleno extraordinario (hoxe 22 minutos). O que fixo o Sr. Gómez aquel día non foi precisamente motivar a urxencia da moción, por certo coa máxima xenerosidade na aplicación do regulamento. O Sr. presidente deulle tempo indefinido aquel día, e hoxe tamén, ata que rematou a súa intervención, que finalmente dobrou ou triplicou o tempo estipulado. Como curiosidade indica que noutro Pleno, na primeira intervención da exposición de motivos pola situación que derivaría no Plan EmergOU, para atender aos

concellos afectados polas riadas do pasado inverno, o Sr. Gómez empregou 14 minutos e 57 segundos. É dicir, 50 segundos menos que nesta suposta motivación da urxencia da moción. Referíndose á emenda do BNG, quere referirse a ela, por respecto ao Sr. Varela, xa que é unha persoa positiva dentro da discrepancia. A Deputación de Ourense non necesita comités nin comisións informativas para trasladar información. De feito, a meirande parte da información solicitada polo BNG xa foi trasladada na contestación das preguntas no pleno do pasado venres. Polo tanto, entendo que vostede busque a súa parceliña de protagonismo nesta noveliña por capítulos, que só busca o máximo barullo mediático posible, pero a súa proposta non responde a nada novo que nós teñamos que darlle resposta. En resumo, este tema non ten máis recorrido, as preguntas están respondidas, as desculpas están trasladadas, os requirimentos están cumpridos e a moción está debatida con tempo máis que suficiente. Este pleno extraordinario só está motivado por tratar de levar esta cuestión –e con ela a Ourense– ao *lodazal* político, ás portas da campaña municipal do 28 de maio. Nós, como temos ben demostrado noutras moitas ocasións, non entraremos nestes tristes e oportunistas xogos. O vindeiro 28 de maio, os veciños e veciñas desta provincia terán a oportunidade de elixir gobernos con proxectos e propostas moi concretas e viables como as que presentará en breve o noso presidente para o novo mandato 2023-2027, ou ben dar cabida a persoeiros sen máis proxectos que intentar saír o máximo posible nos medios de comunicación coste o que coste.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda comeza sinalando que as súas intervencións foron totalmente respectuosas dentro da gravidade dos feitos, e que non debe perderse de vista quen ía a 215 km/h e quen usurpou un coche da Deputación. Pídelle ao voceiro do PP que non empregue palabras grosas contra a oposición que o único que fai é o seu traballo de control e fiscalización do grupo de goberno. A continuación lembra a demagogia que fai o PP co “falcon” da Presidencia do Goberno, e como calan ante un asunto moito máis grave, polo que lle pide rigor ao voceiro do grupo popular. Aínda ninguén me explicou porqué non se sabe quen conduce en cada momento os vehículos desta institución. O outro día dixo o presidente que non pasa dietas por esa viaxe e que entrou en Madrid por outra vía alternativa, polo que pregunta onde está o límite entre o público e o privado para o presidente desta Deputación. Lembra que todos os vehículos do servizo de recollida de RSU teñen geolocalizadores, e casualmente non o teñen os coches do parque de Presidencia, nin tan sequera un rexistro de entrada e saída de vehículos. A xente nas rúas fala e pregunta deste tema porque é moi grave, e moitos non van votar a candidatos a alcaldes do

PP por non apoiar a Manuel Baltar, e iso prexudica claramente ao PP. O Código ético e de conducta do PP ante unha persoa condenada por un delito, como vai ser neste caso, pon que non pode participar na vida pública, polo que pregunta que vai facer a Presidencia cando sexa condenado. Lembra que a outros deputados do PP se lles esixiu dimitir nesta Deputación por condutas inapropiadas que non foron tan graves como esta, e así un detrás doutro. Remata indicando que a exemplaridade coa cidadanía esixe da súa responsabilidade, polo que apela á dos deputados e deputadas do grupo do PP.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): indica que prefería estar debatendo de futuro ou de alternativa de goberno, pero que é certo que temos a obriga como oposición de esixir responsabilidades e de facer o noso traballo de control político. A emenda que traía o BNG a este pleno era a de acordar a creación dunha comisión informativa especial na que se trate a xestión que se está facendo do parque móbil desta Deputación, e na que se dea conta do uso de vehículos e o control destes; o pago de sancións que lles teñen sido impostas aos vehículos da institución, cantas, a canto ascenden as ditas sancións e cando e onde foron cometidas e se se ten identificado aos responsables das infraccións cometidas con vehículos oficiais, ou se é norma que estes non se identifiquen e quen pagou as sancións dos vehículos oficiais durante todo este tempo. Engade que quedan preguntas por contestar como por exemplo a axenda do presidente ese luns en Madrid, e que agarda que os electores na nosa provincia tomen nota para o vindeiro 28 de maio, xa que non é o primeiro escándalo que temos que vivir nesta Deputación, polo que agarda que a cidadanía de Ourense identifique claramente que cando votan ao seu alcalde e concelleiros están escollendo tamén aos deputados e deputadas provinciais, e a maioría da poboación non está conforme con esta forma de gobernar.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): fi que, valoracións á parte, en supostos similares nós fomos moito máis elegantes en temas que podíamos tratar con máis forza, e sobre todo moito máis comprensivos. Sen máis enredos, repite: os asuntos que se propoñen na moción son exactamente os mesmos que as preguntas feitas por escrito no pasado pleno do 28 de abril, e que xa foron debidamente respondidas naquel pleno, e incluso a través dos medios de comunicación. Nada máis que dicir ao respecto. Pide que se fagan propostas serias e viables, para mellorar os servizos e as infraestruturas desta provincia e pide tamén que abandonen dunha vez por todas esa obsesión que tanto tempo lle ocupa contra o presidente Manuel Baltar. Sabe que a valoración dos erros teñen distinta vara de medir, pero en política

non todo vale. Deberíamos facer todos un esforzo por dignificala e dedicar o noso tempo buscarlles solucións aos problemas da nosa provincia e non a estas *cousiñas*, que para iso nos elixen.

- quenda de peche Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que o uso privado de medios públicos non son *cousiñas*, e que senón se cometen este tipo de tropelías non hai quen estea interpelando sobre elas, e que se a Garda Civil non tivese parado ao presidente, a cidadanía de Ourense estaría pagando outra multa, nós somos exemplo cando denunciemos este tipo de cousas porque non se deben facer, e cando temos dúbidas de se o seguro do vehículo ampararía ante un posible accidente de tráfico por esa conducta temeraria, cando vostedes falan de que ir a 215 km/k é unha parvada faltan ao respecto a toda a cidadanía e o mesmo cando critican o traballo da oposición neste asunto, que o único que fai e denunciar este tipo de conductas da Presidencia. Remata indicando que agarda que a cidadanía de Ourense debe tomar nota desta situación porque este señor non vai dimitir, e espera que o vindeiro 28 de maio o faga dimitir a cidadanía e o Partido Socialista governe esta institución e dea exemplo do uso e utilización dos medios públicos.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita (1).

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/rjvsm4g2AHOEPOPBLDQQrdZ4w5RelS6gxCPakPAwte8FfDo1.wmv>

SHA512

97448a607e393eb6026f038af2db63db13d91ed283f1534c06b6458616c38f59e50f309
5b5844e38f59f9132d9518a9e3a24ac46b0c44cbbff4bf9dc3263b7ee

E, ás 11.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

